

FORMACIÓN A OFERTA TRIPLICARASE O VINDEIRO ANO

A Xunta impulsa o fomento das novas tecnoloxías

REDACCIÓN, VIGO
especialias@atlantico.net

■ O Plan de Formación 2012 da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT) ofrecerá 3.000 cursos gratuítos o vindeiro ano, triplicando a oferta formativa de 2011. Ademais, tamén se prevé incrementar en preto do 50% o número de usuarios acadando os 15.000 ao longo do ano.

O Plan de Formación 2012 impartirá nas 98 aulas que compoñen a Rede CeMIT un programa dirixido á tres colectivos: á cidadanía en xeral, con formación en alfabetización dixital, multimedia e audiovisual, aos profesionais TIC en colaboración co CNTG e aos empregados públicos a través da EGAP. Ao longo do ano o plan impartirá arredor de 20.000 horas de formación, o dobre de 2011. A Xunta destinará en 2012 un orzamento de 2,3 millóns de euros na xestión da Rede e no Plan de Formación.

ADAPTADOS AOS USUARIOS
O Plan 2012 incorpora novidades enfocadas a mellorar a aprendizaxe e ao aproveitamento da formación. Así establécense 13 itinerarios formativos con 60 cursos para as distintas áreas en función dos colectivos e as súas necesidades. Os iti-

nerarios formativos abranguen a alfabetización dixital básica, a formación destinada a empresarios e emprendedores, equipamento TIC, redes sociais, imaxe e audio, formación a desempregados, ofimática en software libre, operacións a través de Internet, creación multimedia e web 2.0, administración electrónica, capacitación especializada e software libre, ocio en Internet e multimedia e ferramentas TIC.

Cando o usuario acceda á Rede realizará unha proba de nivel para que o Axente TIC lle poida recomendar a realización do itinerario máis axustado ás súas necesidades. Así mesmo os cursos rematarán cunha proba de aproveitamento para coñecer o nivel de aprendizaxe do usuario.

Outra das novidades do Plan 2012 é o impulso da teleformación coa posta en marcha dun Aula de formación virtual que achegará a alfabetización dixital e a formación multimedia e audiovisual a un maior número de usuarios. Por outra banda, e co obxectivo de adaptarse mellor ás necesidades dos usuarios o Plan revisaráse con carácter trimestral.

ESPECIALIZACIÓN
A formación específica para os empregados públicos e



Un dos 98 centros que integran a Rede CeMIT, que durante o 2011 deu formación a 15.000 usuarios e que espera duplicar esta cifra o vindeiro ano.

os profesionais TIC galegos desenvólvese en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG). En 2012 a EGAP ten previstos 24 cursos e máis de 3.400 horas formativas e o CNTG impartirá 38 curso

preto de 2.000 horas de formación. Ademais da formación, o catálogo de servizos da Rede CeMIT contempla tamén actividades de divulgación para a sensibilización e o fomento do uso das TIC coa organización de charlas e xornadas con expertos en materia de novas tecnoloxías.

ADEMAIS DA FORMACIÓN, O CATÁLOGO DE SERVIZOS DA REDE CEMIT CONTEMPLA ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN

Paralelamente, continuarase co servizo de Aula Aberta, que posibilita o acceso libre e de balde dos usuarios á utilización do equipamento co apoio e asesoramento dun axente especializado.

A Rede CeMIT, que se puxo en marcha en 2011 para impulsar o uso das TIC

na sociedade galega, superou os obxectivos previstos este ano.

BALANCE 2011
Así os 2.116 cursos celebrados supuxeron máis do dobre dos 1.000 previstos e as horas de formación superaron as 18.000 fronte as 10.000

contempladas inicialmente. Ademais, mellorouse a interconexión das aulas incorporándose á Rede Corporativa da Xunta, desenvolvéronse novos recursos como a web CeMIT o repositorio documental e os equipos das aulas estanse a dotar con sistemas operativos de software libre. ■

Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e puntos no Camiño

■ A Consellería de Traballo e Benestar, a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), que tamén forma parte da Rede Cemit, está a poñer a disposición dos traballadores galegos, tanto ocupados como desempregados, o acceso a unha formación gratuít e altamente cualificada e demandada no sector TIC.

Estas actividades formativas teñen unha clara orientación laboral e preto dun 40 por cento dos alumnos en situación de desemprego conseguiron, grazas á pro-

gramación ofertada no curso 2010-2011, insertarse no mercado de traballo mediante a sinatura dun contrato laboral.

O programa que se está a impartir este curso 2011/2012 é punteiro a nivel de España, tanto pola diversidade de temas que se están a abordar como pola elevada calidade dos currículos formativos que se incluíron. Entre setembro deste ano e xuño de 2012 impartiranse en total máis de 80 actividades formativas dirixidas aos profesionais do sector TIC.

A REDE CEMIT ESTÁ INTEGRADA POR 98 AULAS EN 92 CONCELLOS E 53 COMARCAS

Como dotación complementaria as aulas CeMIT sitas nas vilas de paso do Camiño de Santiago, contan con puntos de información multimedia con acceso a internet dispostos no edificio onde se encontran as ditas aulas CeMIT. Un punto de acceso a

internet (PAI) basicamente trátase dunha pantalla táctil de 32", colocada nunha envolvente metálica e protexida cun vidro de seguridade que a protexa contra golpes. Na actualidade existen 8 puntos de acceso a internet (PAI) dispostos noutras tantas vilas de paso do Camiño de Santiago: Betanzos, Arzúa, Melide, Sarria, Padrón, Redondela, Santiago e Pontedeume

REDE CEMIT
A Rede CeMIT, está integrada por 98 aulas presentes en 92 concellos e 53 comarcas

O obxectivo é promover o uso das novas tecnoloxías entre a poboación, con especial atención aos colectivos máis afectados pola fenda dixital, fomentar a formación dixital entre os profesionais galegos e mostrar á peme e micropemes as vantaxes da sociedade da información.

As aulas, que contan cun axente TIC que impulsa as actividades do centro definidas no Plan de Formación. O contido do Plan de Formación e a carta de servizos están dispoñibles non enlace <http://cemit.xunta.es>. ■



O secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, e a secretaria xeral de Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, na presentación do plan.

FORMACIÓN 3.000 CURSOS GRATUÍTOS EN 92 CONCELLOS

tecnoloxías



Conexións por videoconferencia con Papá Noel e Concurso de Curtas co Móbil

Entre as actividades complementarias que organiza a Rede CeMIT están as conexións con Papá Noel realizadas a través de videoconferencia con Laponia. Deste xeito, o alumnado de educación infantil de 24 concellos de Galicia tiveron a oportunidade de facer as súas peticións de Nadal directamente a Papá Noel aproveitando e utilizando as vantaxes das novas tecnoloxías.

Ademais, a rede de centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta é a responsable da convocatoria do I Concurso de Curtas realizadas co móbil, dirixido a xoves matriculados na ESO ou no Bacharelato dos centros educativos da comunidade galega. Este concurso, que se convoca por primeira vez na Administración autonómica a través de Facebook, ten como finalidade non soamente espertar a creatividade audiovisual dos nosos estudantes, senón fomentar o traballo en equipo e dar a coñecer as posibilidades que se abren no campo da formación e coñecemento das novas tecnoloxías que se veñen ofrecendo a través das actividades programadas nas aulas CeMIT do seu concello ou comarca. Actualmente estase desenvolvendo a primeira fase do concurso, dedicada á inscrición e recollida de curtas, que dura ata o 29 de febreiro de 2012. O 7 de marzo empezará a segunda fase, na que os vídeos estarán subidos a internet e abertos para a súa votación mediante o sistema de 'Gústame' de Facebook.